

BENESTAR SOCIAL 2014

ESCOLAS INFANTÍS

***BASES REGULADORAS DAS AXUDAS ECONÓMICAS
PARA OS NENOS E NENAS MATRICULADOS/AS EN
ESCOLAS INFANTÍS NO CONCELLO DE FERROL***

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE NENOS E NENAS MATRICULADOS/AS EN ESCOLAS INFANTÍS ADHERIDAS Á REDE AFESIN DO CONCELLO DE FERROL

1.- Obxecto

Este programa ten como obxecto fomentar a conciliación da vida familiar e laboral facilitando ás familias axudas económicas para a escolarización dos/das nenos e nenas matriculados nunha escola infantil adherida á rede AFESIN.

2.- Requisitos:

Poderán solicitar as axudas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Familias empadroadas no Concello de Ferrol (con a lo menos 1 ano de antigüidade).
- b) Ter menores ao seu cargo e e estean matriculados ao longo do ano 2014 nunha das escolas infantís adherida á rede AFESIN, e que dita escola infantil aplique o Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro, regulador dos prezos das prazas das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
- c) A partir do 1 de xaneiro de 2015, estas bases rexeran para todos os nenos e nenas menores matriculados nas escolas infantís adheridas á rede AFESIN, sempre que haxa dispoñibilidade orzamentaria.

3.- Destinatarios

- Os menores que no ano 2013 fosen beneficiarios desta axuda, entenderase prorrogada para o ano 2014, se continúan cumprindo os requisitos establecidos nas presentes bases.
- Para solicitudes novas, poderán ser beneficiarios os menores nados dentro dos anos 2013 e 2014.
** Non se terá en conta o ano de nacemento en aqueles menores con discapacidade física, psíquica ou sensorial, susceptibles de integración e que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.*

4.- Prazo de solicitude e contía da axuda

- O prazo para a presentación das solicitudes estará aberto ao longo de ano 2014.
- A contía da axuda será dun máximo de 50 euros/mes, non podendo ser superior o custe total da praza.
** A contía da beca estará en función dos ingresos da unidade familiar e non cubrirá os gastos de material nin o custo da matrícula.*

5.- Documentación

1. A solicitude deberase presentar por duplicado, sendo o orixinal para a administración e unha copia para o centro educativo.

Poderán solicitar as axudas o pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e custodia do/a alumno/a

2. A solicitude só será admisible en modelo orixinal segundo o ANEXO I e presentarse xunto coa seguinte documentación no Rexistro Xeral do Concello:
 - Instancia de solicitude (ANEXO I).
 - Fotocopia do libro de familia.
 - Certificado de empadramento.
 - Prematrícula da Escola Infantil pública ou concertada adherida ao presente convenio.
 - Presuposto do custo da praza que se solicitará á Escola Infantil correspondente.
 - Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou entidade
 - Certificado da conta bancaria no que consten os 20 díxitos do número de conta donde se quere que se realice a transferencia bancaria.

6.- Concesión ou denegación da axuda

Os listados provisionais e definitivos das axudas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, e conterán os seguintes datos:

- as persoas beneficiarias
- a cantidade concedida
- escola infantil onde estea matriculado o menor.

O Departamento de Benestar Social poderá comunicar de forma individualizada as resolucións de ditas axudas.

As persoas beneficiarias están obrigadas ao cumprimento das normas de funcionamento interno das escolas infantís públicas e privadas adscritas a este programa.

O non cumprimento das mencionadas normas pode dar lugar a extinción desta axuda.

O número de menores beneficiarios das axudas estará en función do crédito presupostario existente.

O réxime de prezos das prazas das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar están regulados polo Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro

O custe que lle supón aos pais o servizo contratado cos Escolas Infantís da localidade serán facilitados por ditas escolas.

7.- Crédito presupostario

O Departamento de Benestar Social destinará a contía de 100.000, 00 euros a estas axudas con cargo a partida presupostaria 04001 2317 48000.

8.- Pagamento da axuda

Unha vez resoltas as solicitudes presentadas, o Departamento de Benestar Social do Concello de Ferrol realizara ao longo do ano 2014, catro abonos trimestrais dos importes mensuais concedidos, segundo cada caso:

- 1º aboamento correspondente aos importes concedidos nos meses de xaneiro, febreiro e marzo
- 2º aboamento correspondente aos importes concedidos nos meses de abril, maio e xuño
- 3º aboamento correspondente aos importes concedidos nos meses de xullo, agosto e setembro
- 4º aboamento correspondente aos importes concedidos nos meses de outubro, novembro e decembro

Os pais solicitaran á escola infantil donde estea matriculado o menor, un informe xustificativo de asistencia , dentro dos 10 primeiros días do mes que finalice o correspondente trimestre:

- no primeiro trimestre, solicitarase dentro dos 10 primeiros días do mes de marzo
- no 2º trimestre, nos 10 primeiros días do mes de xuño
- no 3º trimestre, nos 10 primeiros días do mes de setembro
- no 4º trimestre, nos 10 primeiros días do mes de decembro

Dito informe entregárase no Rexistro Xeral Municipal, dirixido ao Departamento de Benestar Social.

Se os informes non son entregados no prazo sinalado, os pais perderán o aboamento de dito trimestre.

Os aboamentos trimestrais realizaranse mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado na entrega de documentación xunto á solicitude.

O aboamento realizarase en concepto de “Axuda económica-Escola Infantil”

Causar baixa na escola infantil, conleva a baixa automática na “Axuda económica-Escola Infantil”, situación que será comunicada de maneira inmediata pola dirección do centro ao Departamento de Benestar Social, para proceder ás anulacións das obrigas de pago correspondentes.

Ferrol, 10 de marzo de 2014

A concelleira delegada de Benestar Social

Rosa Martínez Beceiro

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA ESCOLAS INFANTÍS

DATOS PERSOAIS

NOME	
APELIDOS	
D.N.I	
DIRECCIÓN	
LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	
MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO	
Nº CONTA BANCARIA	

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- 1.- Fotocopia do D.N.I
- 2.- Fotocopia do Libro de Familia.
- 3.- Certificado de empadramento.
- 4.- Prematricula da Escola Infantil pública ou concertada adherida ao presente convenio.
- 5.- Presuposto do custo da praza que se solicitará á Escola Infantil correspondente.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter Persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido á Concellería de Benestar Social do Concello de Ferrol.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Ferrol, de do 2014

ANEXO II

RENUNCIA

RENUNCIA á subvención concedida, deixando sen efecto a resolución recibida, polo seguinte motivo:

.....
.....
.....
.....

Para que así conste, firmo o presente escrito.

Ferrol, adede 2014